

CARBALLEIRA

Nº 15 ANO XVI 2016



".....O noso mariñeiro reconece
n-o mar unha alma coma súa.
e encol de todo unha vontade
labérrima e potente que da o pan
e afoga os naufragos...."

(Manoel Antonio 1900-1930)

Centro Galego de Castelló
" O Aturuxo "

Membro da Galeguidade

Saúdo Presidente do Centro Galego

Prezados socio/as e amigos/as:



Un ano mais abrolla o árbore que é, a nosa revista "Carballeira", voceiro e sinal identitaria do Centro Galego de Castellón "O Aturuxo", comenzamos unha nova xeira, no que o novo ano nos deparará a conmemoración do 80º aniversario da creación do primeiro Centro Galego en Castellón, un acontecemento importante, no que temos previsto a realización de importantes actos, na lembranza daquelas xentes, que no medio das grandes dificultades que os acontecementos fracticidas envolvían o país, superón levar adiante a sementeira de Galicia nas terras da Plana.

Hoxe, nas que outras dificultades tamén nos abranguen, temos a obriga de continuar a obra daqueles homes e mulleres que nos precederón, mantendo latexante a nosa Galeguidade, nesta terra de acollida.

Este novo ano, tamén nos traxo cambeos no seo da entidade, a renovación de cargos da Xunta Directiva, amosar a confianza dos asociados na labourea desenvolvida estes anos, ase como para este novo tempo, agradecer a todos os compañeiros o seu compromiso e traballo altruista. e como non, os que tamén cesarón, agradecerlle, o seu compromiso, así coma esforzo persoal desenvolto.

O pasado mes de Maio, tiven ocasión de participar no XII Consello de Comunidades Galegas, que aconteceu na cidade de La Habana (Cuba), foron xornadas de sentimentos e lembranzas, e tamén de reencontro cos amigos de outras entidades galegas, o traballo foi intenso, xa que o tempo era escaso e moitas as propostas que debatir, mais fomos quen de acadar propostas de consenso, necesarias para o futuro e afianzamento da gran colectividade que formamos a Galicia Exterior.

Quixera agradecer as diversas colaboracións intitucionais, xa que elo fai posible o poder realizar un gran numero de actividades sociais e divulgativas, somos unha entidade senlleira en Castellón, i elo conleva un gran esforzo, non solo economico, senón se cabe, e mais importante, human, e por elo que vos animo a continuar facendo mais grande esta casa, en ser exemplo dun traballo que como galegos, éi sinal identitaria e de integración.

Somos coñecedores que "non chove o xeito de todos" è por elo que vimos demandando unha maior aportación de ideas e proxectos, para entre todos dinamizar a vida social e cultural da asociación.

Aproveito, para agradecer os socios que causarón baixa, a súa colaboración, lembrarlles que as portas deste seu fogar, sempre están abertas para canto precisen, darlle a benvinda os novos socios e familias, animalos a participar, e que non dubiden en facer cantas propostas ou suxerencias vexan necesarias para acadar un mellor funcionamento deste voso fogar.

No me cabe mais que dar as grazas, as institucións, amigos e colaboradores, os socios convidalos a participar nas actividades, así como a espallar e coñecer a entidade entre os amigos, animandos a participar con nós.

Xosé Filgueira Fernández
Presidente



Edita:
Centro Galego de Castellón "O Aturuxo"
R/ Perez Dolz 9 Baixo
12003 Castellón 964 22 85 08
www.cgaturuxo.galiciaaberta.com
centro-galego-castellon@outlook.es
Deposito Legal: **CS-17-2005**

COLABORAN:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Emigración



**AJUNTAMENT
DE CASTELLÓ**

CARBALLEIRA

Coordinador: X. Filgueira
Deseño e Maquetación: X. Filgueira

Capa: Descuberta
Autor: X. Filgueira 2014

**Carballeira, non se
responsabiliza das opinións
vertidas nos contidos polos
autores**

ENTREGA DOS PREMIOS "ALECRÍN" DA FEGALCAT



Los premios Alecrín 2016, que entrega la Federación de Entidades Gallegas en Cataluña (Fegalcatal), en una gala que se celebró el pasado 11 de Agosto, en el Liceo de Ourense y en la que estuvieron presentes Antonio Rodríguez Miranda y Valentín García, Secretario Xeral de Emigración y Política Llinguística respectivamente, en representación de la Xunta, Xosé Filgueira del Centro Galego de Castelló " O Aturuxo", así como diferentes personalidades de la provincia.

Cuatro de los ocho galardones que se concedieron fueron a parar a manos de personas o entidades Ourensanas, como son La Región Internacional, el Liceo, la Real Banda de Gaitas y el médico y político Miguel Santalices. Completaron el cuadro de honor la académica Charo Álvarez, la conservera Bateamar, el pintor Antón Lamazares y el club de baloncesto Río Natura Monbús Obradoiro.

La gala fue conducida por Xosé Manuel Piñeiro, que destacó el "marco incomparable" que suponía el Liceo para hacer entrega de unos premios que en las

ediciones anteriores se habían concedido en lugares como la Ribeira Sacra, Ribadeo, Quiroga, Celanova o Vila de Cruces. "Isto premia ós que abriron as portas para espallar a nosa lingua e tradición máis aló das nosas fronteiras", destacó Piñeiro. Tras una excelente actuación con la gaita de Marcos Foxo, se procedió a la entrega de los galardones -escultura realizada en Allariz por el artesano Jaime Piñeiro- y repartidos en ocho categorías diferentes.

En el apartado musical, la Real Banda de Gaitas de la Diputación de Ourense fue la escogida por la Fegalcatal, recogiendo el premio su director, Xosé Lois Foxo, y el diputado del gobierno provincial Manuel Doval. En el campo de la cultura, el reconocimiento recayó en la académica Charo Álvarez, por una trayectoria brillante en la gramática descriptiva y en el estudio de la lengua gallega, tal y como destacó Xosé Manuel Piñeiro.

El premio a la mejor institución cultural fue recogido por el presidente del Liceo de Ourense, Javier Casares. La Fegalcatal quiso premiar así la defensa de la ourensanía y el apoyo a todas las entidades de la Comunidad realizado por el Liceo en sus más de 160 años de historia.

Los premios Alecrín tuvieron su hueco también para el campo empresarial, en el que se reconoció a la conservera Bateamar por su campaña en defensa de los productos gallegos. Su gerente, Manuel Abal, fue el encargado de recoger la distinción.

Miguel Santalices subió también al escenario para ser homenajeado por su trayectoria, tanto en el ámbito sanitario, como en el político, en el que ha llegado a ser presidente del Parlamento de Galicia. En el ámbito artístico, el Alecrín fue para el pintor Antón Lamazares, por llevar la imagen de Galicia a los mejores museos del mundo.

El premio en el campo de la comunicación reconoció los 50 años de trayectoria de La Región Internacional, el periódico creado en 1966 por el grupo La Región para mantener los lazos entre la alta cifra de emigrantes de la provincia con la tierra. Por último, el galardón en la categoría deportiva fue para el Río Natura Monbús Obradoiro, el único equipo gallego en la Liga ACB y que "pasea o nome da Comunidade por todo o Estado".

Xosé Lois Foxo: El director de la Real Banda de Gaitas de la Diputación de Ourense, Xosé Lois Foxo, conmemoró sus años en Cataluña, donde emigró en 1975, destacando que Barcelona "é unha escola de galeguismo, con moita sensibilidade".

La académica Charo Álvarez indicó que Galicia "non sería o mesmo" sin la emigración, que además del dinero, aportó mucho nivel cultural. "É dobremente valioso que os teus, que están fóra, pensen en ti para un premio, é unha honra",

Daniel Agra, representante del Río Natura Monbús Obradoiro se mostró "muy contento" con el reconocimiento, ensalzando la apuesta del club santiagués por pasear "el nombre de Galicia" por la mejor liga de baloncesto europea.

Antón Lamazares: El pintor, premiado en el ámbito artístico, destacó la labor de defensa de Galicia que ha realizado durante todos estos años la federación catalana, señalando que "é responsabilidade de todos defender a nosa terra".

El empresario Manuel Abal recordó sus años de emigración en Bélgica para valorar el trabajo realizado por Fegalcatal. "Apréndese moito cando marchas, pero non é nada fácil chegar onde estamos, só se consigue con esforzo", indicó.

Javier Casares, presidente del Liceo dio las gracias en nombre de todos los que forman la institución y se mostró orgulloso por "poder facer o acto na casa". Casares destacó que el Liceo "ha estado siempre en la vida cultural de Ourense y Galicia".

Maribel Outeiriño, representante de La Región recordó que La Región Internacional nació "cuando salían 10.000 ourensanos cada año de la provincia". Destacó que el periódico supuso "tenerlos informados de todo lo que pasaba".

Miguel Santalices habló de su trayectoria sanitaria y política, destacando que "escoitar á xente é o que aporta cousas importantes". El ourensano señaló que este premio "reforza no que estamos a traballar".

El secretario de la Federación de Entidades Gallegas en Cataluña, Manoel Carrete, agradeció la colaboración mostrada en todo momento de los galardonados con los emigrantes gallegos en Cataluña y su defensa del territorio. (La Región Internacional)

APADRIÑA UNHA ÁRBORE



O pasado mes de Nadal, o concello de Castellón, organizou un apadriñamento de árbores na cidade, o que a nosa entidade sumouse apadriñando unha árbore da especie "Lagunaria", situado na rúa Carcaixent 13, e que medra moi satisfactoriamente.

O acto de entrega dos correspondentes diplomas acreditativos as persoas i entidades participantes, estivo presidido pola Alcaldesa da cidade Amparo Marco e a Concelleira de Sostenibilitat Ambiental Sara Usó.


Pau Filgueira, xunto co Presidente da entidade, foi o encargado de recollelo en nome do Centro Galego.



AS NOSAS LETRAS



Novamente, o Centro Galego de Castelló " O Aturuxo", sumouse os actos de homenaxe que a Real Academia da Lingua Galega dedica neste día as nosas letras, co ensalzamento na figura dun persoeiro que fixo que a lingua galega abrise xanelas o mundo. A nosa sede social desenvolveronse unhas xornadas que derón comenzo o día 15 de Maio coa mostra expositiva realizada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, "Eu son esta terra, e esta auga" sobre a figura de Manuel María Fernández Teixeiro, así coma a proxección do documental "Muiñeiro da palabra" vida e obra do persoeiro, o acto central aconteceu con anterioridade o Sábado 16 de Abril, coa presenza do poeta Chantadino afincado en Barcelona, Xosé Lois García, amigo de Manuel María, quen tivo a xentileza de presentar en Castellón o libro da súa autoría "Manuel María, reencontrado" vivencias pessoais co bardo chairego, ase como da súa vida de compromiso político con Galicia, o día anterior compartimos a presentación do libro en Valencia, xunto cos compañeiros do Centro Galego. foron moitos os socios e amigos que participaron no encontro, así coma autoridades e casas rexionais de Castellón, o remate pudemos deleitarnos cunha sobremesa dun viño galego, onde continuarón os faladoiros e presentacións, dando con elo rematado esta xornada. Xornadas que teran continuidade coa exposición da Fundación Manuel María, virá de cedernos de contado.



DIA DAS LETRAS GALEGAS 2017



O escritor ourensán Carlos Casares Mouriño (Xinzo de Limia 1941-Nigrán (Pontevedra) 2002) será o escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas no ano 2017, Casares, destaca por unha extensa obra literaria, ensaio, biografía, infantil, de xornalista de La Voz de Galicia e director da revista Grial, columnista de xornais, foi presidente do Consello da Cultura Galega e deputado polo PSOE, visitounos co gallo do XIX encontro do grupo Galeuzca o ano 1.999 celebrado en Castellón

SANTANTONÁ


De novo vimos de celebrar unha das tradicións máis senlleiras das terras de Castellón, a Santantoná, exaltación do lume, o que nós, coma non podía ser doutro xeito, celebrámola o redor da "queimada".

A xuntanza realizouse nas instalacións "O Faido", onde nun xantar dunha Olleta da Plana, fixonós escorrentar o frío invernal do Xaneiro, demáis viandas e a boa compañía forón os condimentos principais que puxeron o quente necesario de facer de este primeiro encontro do ano, o inzo das actividades sociais da entidade, rematando cunha sesión de baile discotequero e un karaoke para os máis atrevid@s, e que forón moitos.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2016

"O POETA DA TERRA CHÀ"



Manuel María Fernández Teixeiro naceu en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929. En 1942 trasladouse a Lugo para estudar o bacharelato e aquí comezou a súa precoz carreira literaria participando, á idade de 20 anos, no ciclo de conferencias "Jóvenes valores lucenses". Esta primeira conferencia serviulle para entrar en contacto cos integrantes da tertulia do café Méndez Núñez (Pimentel, Fole, Rof Codina...) que o poñerán en contacto coa realidade galega, tanto interior como do exilio. Nesta primeira etapa da súa vida, publica o primeiro poemario dun poeta da nova xeración, *Muiñeiro de brétemas* (1950), co que se inaugura a denominada "Escola da Tebra".


En 1958 instálase en Monforte como Procurador dos Tribunais e ao ano seguinte casa con Saleta Goi. Nos axitados anos sesenta e setenta, Manuel María participa na reorganización política, na clandestinidade, dos partidos nacionalistas, e atende os chamamentos e peticións que lle chegan de todas as organizacións que, ao longo e ancho do país, andan a traballar pola recuperación cultural: desde impartir conferencias ou recitar poemas a presentar á Nova Canción Galega. A súa obra literaria diversifícase e multiplícase de acordo cos novos tempos: ensaio, narrativa, teatro... sen abandonar o cultivo da poesía. Do existencialismo e o seu pesimismo radical evolúe cara á unha poesía que rompe, tanto no formal como na temática, con esta liña subxectiva para se comprometer co ser humano, coa súa xente, coa súa realidade social, en definitiva, co seu pobo.

A súas actividades políticas culminaron coa súa elección como concelleiro en 1979. Son anos duros, e a súa participación nas campañas en defensa da lingua foi moi activa. En 1985 abandonou a militancia política para se dedicar por completo á actividade literaria e cultural e, desde a súa xubilación, reside na cidade da Coruña. A súa xenerosa entrega foi recoñecida en 1995, na Homenaxe organizada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega na Coruña.

Non é doado resumir en poucas liñas a obra deste insigne poeta, referencia imprescindible no panorama literario da segunda metade do século XX, pola amplitude dos seus rexistros, das súas propostas e da súa temática: intimismo, paisaxismo, socialrealismo crítico ou satírico, preocupación relixiosa, reivindicación lingüística... e, como fío conductor de todo este mundo poético, a construción da patria.

Manuel María faleceu na Coruña o 8 de Setembro de 2004.

(FONTE: AELG)



anduriñas senlleiras



Xosé Neira Vilas naceu en novembro de 1928 en Gres (Vila de Cruces), Pontevedra. En 1949 emigra a Buenos Aires, onde desempeña traballos diversos. Realiza estudos de comercio, música, xornalismo, literatura. Toma conciencia da identidade de Galicia, en contacto, sobre todo, cos intelectuais do exilio: Luís Seoane, Rafael Dieste, Ramón Suárez Picallo, Lorenzo Varela, Ramón de Valenzuela. Desenvolve un intenso activismo cultural galego. Secretario Xeral das Mocidades Galeguistas e co-director do periódico *Adiante*. Participa na comisión organizadora do Primeiro Congreso da Emigración Galega. Casa en 1957 con Anisia Miranda, cubana. Xuntos fundan a organización libreiro-editorial "*Follas Novas*" para difundir o libro galego en América. Publica en 1960 o poemario *Dende lonxe*, e en 1961 a novela *Memorias dun neno labrego*. Nese mesmo ano, 1961, Neira e Anisia van residir a Cuba. Traballa na Administración e fai xornalismo literario. En 1969 funda a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística, que dirixiu durante vintedous anos. Dende 1983 ata que se xubilou, desempeñouse como redactor-xefe da revista infantil *Zunzún*. Nos trinta e un anos que viviu en Cuba escribiu a maior parte da súa obra literaria. Na Arxentina e en Cuba fixo investigacións sobre a presenza da emigración galega neses e noutros países de América, e deu a coñecer diversos libros arredor do tema. Radicouse, con Anisia (escritora e xornalista) en Gres, na aldea natal, onde preside a Fundación cultural Xosé Neira Vilas.

Foi investido Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña. É membro numerario da Real Academia Galega. Premio da Crítica Española (narrativa) e Premio da Crítica Galega (ensaio). Fóronlle outorgadas as medallas Castelao, Pedrón de Honra e Celanova Casa dos Poetas. Parte da súa obra foi traducida a outras linguas. En 1995 participou, xunto coa súa dona Anisia, convidado polo Centro Galego os actos celebrados en Castellón co gallo das Letras Galegas, Finou na súa casa de Gres o de 2015

M^a do Carme Kruckenberg Sanjurjo naceu en Vigo o 3 de xuño de 1926. Estuda na mesma cidade, no colexio alemán; co gallo da guerra europea non pode rematar os estudos ó pechase o colexio. Négase a comenzar de novo nun instituto, xa que ten que examinarse do primeiro outra vez. Así que estuda pola súa conta, idiomas, historias, ciencias, literatura, etc, etc. Pódese dicir que é unha auténtica autodidacta. A meirande parte dos seus coñecementos débello ó seu pai que lle infundiou verdadeiro amor polo coñecemento. Casa no 1949; despois de visitar Francia e Italia viaxa a Arxentina. Vive en Bos Aires catro anos. No Río da Prata coñece a elite dos escritores arxentinos e de moitos mais países de América, refuxiados políticos, así como a galegos e españois que están na mesma situación. Un dos máis importantes foi Castelao, con quen estivo dúas veces falando de política e literatura, en maio e mais en novembro do 49. Dous meses antes do seu pasamento. Arturo Cuadrado, Lorenzo Varela, Emilio Pita, Xabier Bóveda... Foi unha gran amiga de Rafael Alberti e M^a Teresa León, os seus pais da Arxentina, como ela os define. Na casa dos Alberti coñece a Miguel Ángel Asturias, Gloria Alcorta, Oliverio Gironde e Nohra Langue, Estela Canto, M^a Rosa Oliver, Salazar Bondi, Guillermo de Torre; Jorge Luis Borges, con quen se reúne todos os mércores no Richmond da rúa Suipacha. Alberto Girri, un dos grandes poetas xunto con Olga Orozco. O editor Losada, etc. en 1953 e volve á súa terra no mes de marzo.. escribe, *Cantigas do vento* e *Los parajes inmóviles*, *Rumor de tiempo*, editados en 1956 e 1958.

Na primavera do ano 2000, publica Ed. O Castro-Sargadelos os poemas editados dende 1953 ata decembro do 2000, Obra poética case completa. Ademais de poeta, M^a do Carme Kruckenberg foi autora de diferentes contos e traductora. Así mesmo, ten escrito máis de 200 artigos en revistas e diarios. Entre os recoñecementos recibidos, destacan o Premio Alecrín 1997, a Medalla de Galicia (bronce) 1998 e seu o nomeamento como Membro da Enxebre Orden da Vieira, así como o de Socia de Honra da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega en 2006. Finou na súa casa de Vigo o 14 de Maio do 2015.



Agustín Fernández Paz naceu en Vilalba (Lugo), no ano 1947. Perito Industrial Mecánico; Mestre de Ensino Primario; Licenciado en Ciencias da Educación; Diplomado en Lingua Galega., é profesor de Lingua e Literatura Galegas no IES Os Rosais 2, de Vigo.

Traballou como profesor de EXB en diferentes Centros escolares. Entre 1988 e 1990 foi membro do Gabinete de Estudos para a Reforma Educativa, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, formando parte do equipo de Lingua que preparou os Deseños Curriculares para as etapas de Primaria e Secundaria. De 1990 a 1995, traballou como Coordinador Docente de Galego. É membro da Ponencia de Lingua do Consello da Cultura Galega e asesor do Programa SOL, da Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

Desde mediados dos anos setenta estivo ligado aos movementos de renovación pedagóxica. Foi membro fundador dos colectivos *Avantar* e *Nova Escola Galega*. Xunto con outros profesores/as, organizou diferentes eventos (*Xornadas Municipais de Pedagogía de Mugardos*; *Xornadas de Normalización Lingüística de Nova Escola Galega*, etc.) e participou na elaboración de numerosos materiais didácticos. É autor de diversos traballos espallados por xornais e revistas (*As Roladas*, *Cuadernos de Pedagogía*, *Revista Galega de Educación*, *CLIJ*, *Signos*, *TEXTOS*, *Revista Galega do Ensino* (nesta última, levou durante varios anos a sección "*O pracer de ler*"), etc.. A maior parte dos mesmos xiran ao redor de temas como a normalización lingüística no ensino, a didáctica da lingua, a promoción da lectura, a literatura infantil e a introducción dos medios de comunicación nas aulas. Sobre estes temas impartiu numerosos cursiños e conferencias, tanto dentro como fóra de Galicia.

Ademais dos premios correspondentes ó seu labor literario (*Merlín*, *Lazarillo*, *Edebé Juvenil*, *Rañolas*, *Raíña Lupa*, *Protagonista Jove*.) hai outros traballos seus que mereceron diferentes galardóns. Entre eles, cabe salientar o 1º premio dentro do "*Concurso de Guións de Vídeos Didácticos*" do Concello de Fene, cun traballo escrito en colaboración co historiador Bernardo Maiz e titulado *Xan de Xenaro: memoria de 32 anos, sobre a vida dun guerrilleiro do "maquis" galego*. Polo conxunto dos seus escritos sobre cómics concedéuselle, en 1992, o "*Premio Ourense de Banda Deseñada*". No ano 2001, os concellos da Terra Chá dedicáronlle o Día das Letras Chairegas.

Foi un dos directores da Colección "*Merlín*" de literatura infantil e xuvenil. Codirixiu, así mesmo, diversas series de materiais didácticos: *Nobelos de Papel* (para o ensino globalizado en galego no Ciclo Inicial), *¡Ámote, mundo!* (para a Área de Experiencias) e as series de Lingua Galega, *CANLES*, *LABIA* e *LINGUA E.S.O.*. A un destes libros, *CANLES 5*, concedéuselle o Premio Nacional "*Emilia Pardo Bazán*", instituído polo MEC, para libros de texto non sexistas.

Finou o de supeto o pasado 12 de Xullo de 2015 na cidade de Vigo (Pontevedra) os 68 anos.

"MARISCADORAS MULLERES/DONES"

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA




Grazas a colaboración da Asociación e Museo Mar de Noia (Noia-A Coruña), e do seu Presidente Felix Gonzalez, do 02 ao 17 de Abril , tivemos a oportunidade de traer a Castellón parte da colección de fotografías do traballo realizado polas mariscadoras galegas na extracción de mariscos na ría de Muros-Noia, así como percebeiras da costa da Morte, diversas imaxes antergas amosarónos o cambio xeneracional e de medios empregados, unha ollada a Galicia mariñeira, e o traballo das súas mulleres. as mariscadoras.



DIA DE GALICIA

Un ano mais, a Parroquia de Sto Tomas de Villanueva, foi quen de darnos acubillo na celebración do noso Santo Patrón Santiago Apóstolo, grazas o seu parroco o lucense D. José López, o noso carón, membros da Corporación Municipal, Diputado Provincial de Cultura D. Vicente Sales así como compañeiros da Federación de Casas e Centros Rexionais de Castellón, socios e feligreses da parroquia, estiverón acompañándonos na celebración eucarística, o Presidente do Centro Galego, foi o encargado de realizar a ofrenda o Patrón Santiago Apóstolo, unha procesión polo adro da igrexa o son dunha mascletá derón por rematados os actos relixiosos. A festividade tivo continuidade cun xantar nas instalacións de lecer "O Faiado", o que se sumaron, o Tenente Alcalde D Antonio Lorenzo, en representación da Alcaldesa de Castellón, así coma o Concelleiro de Xuventude D. José Luís López.

Unha degustación de viños e produtos galegos, dou paso a un animado encontro, no que un ano mais a nosa entidade quere homenaxear e agradecer a cantos amigos colaboran con nós, na celebración do Día de Galicia.



IRMANDADES DA FALA

A sociedade galega dos comezos do XX seguía a se caracterizar pola concentración do poder económico en sectores minoritarios, por un sistema agrícola aínda feudal e por unha crecente emigración que ía baleirando o país.

A toma de consciencia dos campesiños, fomentada polo seu acceso á propiedade da terra, unida á evolución do galeguismo cara ó nacionalismo, provoca un salto cualitativo na utilización da lingua.

Entre todos aqueles homes e mulleres de Galicia, solidariamente, mantense a idea de que a lingua galega constitúe unha reivindicación primordial. Trátase do máis rico tesouro do pobo galego. O día 5 de xaneiro de 1916, Antón Villar Ponte, dende a Voz de Galicia, comeza unha campaña a favor da creación dunha Liga de Amigos do Idioma Galego.

As ideas do Provincialismo e do Rexionalismo tiñan o seu eco nesta proclama e así, o 18 de maio de 1916, nunha reunión na Real Academia Galega, acórdase a creación da Irmandade dos Amigos da Fala. A Nosa Terra, nesta segunda época, presentábase como "O boletín, o vocerío do ideario das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas de América e de Portugal"

As Irmandades da Fala creáronse para a defensa, dignificación e cultivo do idioma; a primeira das Irmandades fúndase na Coruña en 1916. Séguena outras repartidas polas principais cidades e vilas de Galicia (Ferrol, Ourense, Betanzos, Santiago..). Para difundiren o seu ideario editaron unha publicación periódica totalmente en galego: A Nosa Terra. Os seus membros máis salientables foron os irmáns Vilar Ponte, Losada Diéguez, Vicente Risco, Ramón Cabanillas, etc.



En 1916 na casa número 38 da rúa Real (A Coruña) dos irmáns Antón e Ramón Vilar Ponte créanse "As Irmandades da Fala"

En 1918 celebran a "I Asamblea Nazionalista Galega" que tivo como conclusións a reivindicación da autonomía integral, a oficializació

n da lingua e o pedimento de inclusión de Galicia na Sociedade de Nacións de Xenebra.

No ano 1920, o 25 de xullo, celébrase por primeira vez o DÍA DE GALICIA. Vicente Risco expresou daquela que o día do Apóstolo constituía a festa da Patria Galega, a festa nacional de Galicia. Os días 30 e 31 de agosto, no Balneario de Mondariz, a Real Academia Galega recibe como membros a Rei Soto e a Ramón Cabanillas.

Xa no século XVIII, xorden as voces de denuncia dos chamados "ilustrados", que demostran a súa inqueda polo subdesenvolvemento de Galicia e ofrecen propostas renovadoras da vida económica, social e cultural. Créanse organismos como as Sociedades Económicas de Amigos do País e a Academia de Agricultura do Reino de Galicia.

Entre este minoritario grupo de intelectuais, despunta con forza a figura do Padre Frei Martín Sarmiento, personaxe polifacético (naturalista, linguista, bibliófilo...) que defendeu o uso do galego no ensino, na Administración e na Igrexa, isto é, a súa normalización como lingua propia dos galegos. O contexto socio-político contrasta coa prolífica actividade cultural. A sociedade galega dos comezos do XX seguía a se caracterizar pola concentración do poder económico en sectores minoritarios, por un sistema agrícola aínda feudal e por unha crecente emigración que ía baleirando o país.

Aparecen asociacións agrarias que canalizan as protestas sociais e acadan gran resonancia no campesiñado, como foi o caso da "Liga Agraria de Acción Gallega". Pancarta do Estatuto de Galicia: voto por SÍAs Irmandades promoveron a elaboración de dicionarios e gramáticas, de estudos lingüísticos e reivindicaron a presenza do galego na Administración e no ensino. Déronlle pulo á actividade editorial nas principais cidades galegas: Céltiga en Ferrol, Lar na Coruña, Alborada en Pontevedra, e moitas outras, ademais de frecuentes seccións en galego na prensa en castelán. Neste contexto aparece a revista Nós, da man de V. Risco, Otero Pedrayo e Florentino Cuevillas, que conforman o coñecido "Grupo Nós". A

eles lígase a figura de Afonso Daniel Rodríguez Castelao.

Os membros de "Nós", cunha ampla formación intelectual, marcan como finalidade a eliminación do lastre folclorista da cultura galega, mediante a súa actualización, normalización e universalización. A revista contaba coa colaboración de autores estranxeiros (portugueses, irlandeses, cataláns, franceses...), que a poñían en contacto coas correntes europeas, ademais de traducións variadas e artigos, tanto de carácter científico (arqueoloxía, etnografía, antropoloxía, socioloxía...) coma literarios.

A obra literaria destes intelectuais, que recuperan campos como o ensaio, outórgalle á prosa galega un grao de desenvolvemento pleno e integra a nosa cultura no contexto europeo: Arredor de si, Devalar ou Os camiños da vida, de Ramón Otero Pedrayo e Os europeos en Abrantes e O porco de pé, de Vicente Risco, son títulos que forneceron a nosa literatura de novas técnicas de creación que se estaban a desenvolver na literatura europea incorporándolle temáticas universalistas, lendarias e exóticas, urbanas e pensamentos filosóficos.

A feble tradición do xénero dramático recibiu un pulo coa creación, desde as Irmandades, do Conservatorio Nacional de Arte Galega, en 1919, que logo pasa a ser Escola Dramática Galega. Os movementos europeos de vangarda inflúen de maneira importante na produción poética galega. Os autores da chamada "Xeración do 25", (Manuel Antonio, Amado Carballo, Bouza Brey) demostraron unha grande vontade de orixinalidade creativa, que pasa polo enfrontamento aberto coas formas tradicionais de poesía.

Merece mención á parte a figura polifacética de Castelao, clásico da literatura galega en tódolos Caricatura de Castelao xéneros que cultivou: novela, teatro, narrativa breve e ensaio político (Sempre en Galiza, obra mestra do pensamento nacionalista galego) e outros títulos que reflicten conxuntamente a súa capacidade como debuxante e literato. A figura de Castelao entraña unha grande significación política plasmada na súa obra ensaística e na súa participació nactiva e directa na política do país (foi deputado da República nas filas do Partido Galeguista). En 1931 créase o Partido Galeguista, que consegue a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia, no que a lingua galega adquire por vez primeira o recoñecemento de "idioma oficial de Galicia". Este logro importantísimo non chegou a ter aplicación na práctica por mor do estoupido da Guerra Civil (1936), que supuxo o principio da máis crúa etapa para as linguas minorizadas do Estado español.

(f. Vieiros)





XI PLENARIO DO CONSELLO DAS COMUNIDADES GALEGAS DO EXTERIOR LA HABANA (CUBA) 2016

**ALLÁ EN LA HABANA
ALLÁ EN LA HABANA
SON MÁS DULCES LOS BESOS,
DE LAS CUBANAS.....**

Dende nenos, sempre nos falarón de Cuba, o sono da abundancia, a perla do Caribe, xa van aló case sesenta anos que aquel paraíso de sonos, apagouse, “llego el comandante y mando a parar”, mais a fonda pegada dos galegos nesta fermosa terra non esmoreceu.

Omnipresente na colonial cidade de La Habana, erguese un dos edificios mais fermosos e maxestuosos, o Centro Galego, sinal do esforzo e galeguidade dos nosos emigrantes.

A celebración do XI Plenario do Consello de Comunidades Galegas do Exterior neste símbolo da Galeguidade, non foi adrede, celebrábase o centenario da súa



construcción, que non da creación das entidades galegas asentadas en Cuba, a mais antiga é a Asociación de Beneficiencia Hijos de Galicia fundada no ano 1871, reivindicando no edificio, coma buque insina da Galeguidade, ase coma o seu Teatro, que a día de hoxe, segue a ser propiedade do Centro Galego de La Habana. E coma tal, patrimonio inmemorial de Galicia e dos galegos.

Maxestuoso, elegante, caben denominar con todos os axetivos imaxinables este edificio, mais tamén as vivencias que agocha, os sentimentos que desperta o percorrer as estancias, que noutra hora acubillaron a milleiros de emigrantes galegos, ase coma persoeiros da talla de Curros, Pondal, e tantos outros, berce da creación dos sinos identitarios galegos, a Bandeira e o Himno, da Real Academia da lingua Galega, da primeira editorial, serían moitas as efemérides a enumerar que Cuba, e ós emigrantes galegos aportaron a historia de Galicia.

Foi este un plenario cheo de sentimentos i emocións, de galeguidade, cando o son das gaitas interpretaba o himno galego, namentres da fachada do edificio enarbolaban xuntas as bandeiras de España, Cuba e Galicia, despois de 57 anos, durante a inauguración oficial do plenario, nos salón interior, de novo enchéronse as vellas paredes da entidade do son das gaitas, a letra dos Pinos de Pondal, entonada polos presentes postos en pé, rosou por tódolos curruchos levando de novo os recendos da nosa terra, namentras as anduriñas sobrevoaban as estancias interiores, lembrandonos os canteiros temporeiros, vidos de Galicia para a construción do edificio, e que eran coñecidos coma as “anduriñas”.

Inda que moitos aísntentes, de España i Europa, xa tivemos a oportunitade de saudarnos en Madrid, viaxando xuntos no avión, foi a chegada onde xa volvemos a atopar os compañeiros e amigos dos centros galegos da America, moitos dos cales mantemos contacto persoal o traveso das novas tecnoloxías e redes sociais. Debidamente acreditados, acomodamonos a descansar no hotel, ollar o programa de actividades previsto, as 7 diana, para encamiñarnos o Centro Galego da La Habana, lugar onde se desenvolvería todo o plenario, e alonxado uns 20 kms do noso aloxamento no hotel "Memories Miramar ". As primeiras impresións foron algo confusas, nun país en que a velocidade de reacción vai acorde coas temperaturas tropicais, a limitación no uso das tecnoloxías, telefono, internet, comenarán a ser un problema añadido, que se foi solventando a base de imaxinación.

O acto de inauguración, foi realizado polo presidente da Xunta de Galicia, acompañado da Ministra de Xustiza Cubana, o embaixador de España en Cuba e o Secretario Xeral de Emigración, dando a benvinda os presentes, así como facendo fincapé o lugar onde se celebraba, no o seu valor sentimental e historico para Galicia.

Formadas as comisions para os relatorios, fomos ocupando as diversas estancias, onde o traballo e diversidade de opinións derón paso a debates interesantes, encadrados na de Galeguidade, xuventude e muller, as diversas

comunicacions plantexarón a multitude de carencias nas entidades, ase como a diversidade cultural nos países de orixen, as pausas, aproveitaronse para aclarar posturas ou mal entendidos de cada quen, ase coma a recabar apoios para a elección da comisión Delegada, organo que denovo, veu ser manipulado con pactos de familia, que derón pé a multitude de ruxe ruxe, entre os compañeiros, as votacións xa previsibles, mantiverón os mesmos representantes no territorio nacional.

Os traslados en autobus pola cidade, permíteunos ollar as vellas rúas da cidade habanera e das súas xentes, o xantar realizábase no Centro Galego "Rosalia de Castro", un edificio colonial con patio central columnado, do que o paso do tempo non lle foi alleo.

Unha visita emocionante, foi o Cimiterio habanero de Colon, onde o presidente xunto con todos os representantes do Consello, realizou unha ofrenda floral no panteon da Asociación de Hijos de Galicia, en homenaxe a todos los galegos que por sempre descansan alí, interpretandose durante a ciremonia o himno galego polo grupo de gaitas do centro galego "Rosalia de Castro" sendo cantado con moito sentimento por todos os presentes.

Adosado o centro, coma parte das instalacións, atopase o Teatro Nacional de Cuba, onde en 1907 sonou por vez prime de ira o himno galego, cuxas partituras orixinais



tiven ocasión de ollar, o músico galego Roi Casal, obsequiounos cun festival co título " Son galego, son cubano" en homenaxe a Neira Vilas, musicando diversas letras realizadas polo escritor antes do seu pasamento.

A entidade Abanca, veu de ofrecer unha recepción de benvinda nos salons do Centro Galego a colonia española da Habana así como os participantes do consello, o que nos facilitou un intercambio de impresións cos compatriotas asistentes.

Como a estancia era corta, e o traballo intenso, non poidemos disfrutar como quixesemos da cidade, e mergullarnos nas súas rúas, xa que a distancia no aloxamento era un impedimento añadido, non por elo, aproveitamos a xornada dominical para poder facer unha escapada e disfrutar da calidade humana dos cubanos.

Tomarnos uns rons, e mercar algúns obxectos de recordo para as familias foi todo o que nos deu tempo, pasear polas rúas, contemplar a vella Habana, disfrutando da amabilidade e sorriso das persoas. Se algo se veu con nós, ademais dos sentimentos de galeguidade, foi a sempiterna sonrisa e ambabilidade das súas xentes.



COMUNICACIÓN O RELATORIO “GALEGUIDADE” DO CENTRO GALEGO DE CASTELLÓ " O ATURUXO"

En anteriores Consellos, vimos facendo fincapé nas moitas causas que acontecen nas entidades o longo destes anos, reflectidas neste relatorio, que ven de mesturar non solo o futuro, senón tamén o presente. Imos de novo, tratar de resolvelas, ou minorar estes erros, facendo propostas, ou auto inculparse de moitas das causas que nos acontecen no seo das asociacións.

Lei da Galeguidade

A nova lei, froito de un gran traballo conxunto, e da xenerosidade das entidades galegas, veu clarexar en si, a realidade actual das entidades, ase coma a necesidade de lograr a fusión da mesmas, a prol dunha maior representatividade e presenza da colectividade, xuntando esforzos e medios, poderá ter erros, que o paso do tempo nos fará corrixir, en conxunto, faise necesario esta nova ferramenta para mantelas latexantes, e será misión delas, usala coma a ferramenta de mellora da capacidade de actuación, ase coma de futuro.

En anteriores Consellos, vimos reclamando, a necesidade de que o feito emigratorio galego, sexa parte obrigatoria no ensino en Galicia, pasan os Gobernos, e seguimos a voltas, sen que se vexa plasmado esta reclamación, que xa se acabou convertendo en histórica, non podemos por menos, de volver a insistir na necesidade de esta proposta, xa que entendemos que moitos dos factores que nos acontecen, son produto da falta de coñecemento da nosa historia recente.

Un dos maiores fitos de Galicia, foi a Emigración, pero unha emigración que soubo ser solidaria coa Galicia territorial, e coma non, cos que se achegaban os países de acollida, xente sen preparación, tanto laboral como cultural, elo non foi impedimento, da capacidade de crear a maior rede solidaria de un pobo no mundo, coa creación dos centros e sociedades galegas espalladas polos cinco continentes, un feito, do que faise necesario de que a Galicia territorial coñeza en profundidade e se sinta orgullosa, e non vexan os centros como asociacións folclóricas, ancoradas nuns sentimentos dunha trasnoitada morriña.

Incorporación da muller nos órganos de dirección das entidades

O feito que as mulleres non estean nos órganos directivos das entidades, podémolo achacar a uns rols sociais, non a negativa das directivas de incorporalas, inda que nalgún caso, moi minoritario pódese existir, a creación dos denominados “comité feminino” en algunhas entidades, agocha en parte que a muller non estea presente nos órganos decisorios da xunta directiva, creando con elo un grupo moi reducido de mulleres que propoñen actividades de carácter feminino, moi validas, pero que relegan a ese sector, a feitos de épocas pretéritas.

E necesario que dende as directivas se procure a incorporación da Muller en postos de responsabilidade, e que eses comités convértanse en mixtos, coma parte dun órgano de apoio as propostas na realización de actividades sociais de todo tipo, se non somos quen, de que as actividades sexan igualitarias, damos pé a que a muller se vexa relegada a mal entendida “actividades femininas”.

Non podemos poñer cotas de paridade nos órganos directivos, porque iso non é a realidade, a incorporación ten que vir dada dende a non separación de tarefas. E por elo que propoñemos que dende as directivas, se ofrezca a incorporación de mulleres en postos de responsabilidade, así como facer que as actividades non teñan exclusividade feminina, o que conlevaría a unha maior incorporación da muller o non verse relegada na vida social da entidade.

Xuventude

Temos que suliñar, e diferenciar, dous tipos de xuventude no seo das sociedades, as de segunda e terceira xeración, nacida e criada nas terras de acollida, a cal coñecen e viven as entidades xunto con seus pais, e os novos rapaces/as que a situación de crise os levan a busca, en moitos casos, do seu primeiro traballo, partindo desa diferenza, imos tratar de ollar a necesidade, primordial se cabe, de que as novas xeracións se integren nos órganos de dirección das entidades, serian moitas

as causas que están concorrendo neste feito, algunha de choque xeracional, o manterse algunhas directivas, ancoradas en estereotipos caducos, que nada teñen que ver coa actualidade nin a realidade dos tempos que estamos a vivir, a falta de actividades, ou a liberdade de realizar novas, son atrancos que os fan aloxar, na inqueda de lugares e asociacións que estean mais acordes coas inquedanzas que demandan, se anteriormente expuxemos que a muller debe estar mais integrada nas decisións de directiva, o caso da xuventude e similar, ou maior, cando en quen, son eles o futuro, as actividades que se realicen teñen que vir das súas propias propostas, a creación dun órgano directivo de carácter xuvenil no seo da entidade, faise canto mais necesario para lograr consensuar as actividades que demandan, ademais de ser o berce dos novos directivos. Non todos van vir bailar e tocala la gaita, a caso outro tipo de música, non ten cabida nunha entidade galega?, as novas tecnoloxías son necesarias na actualidade, quen mais que eles as manexan con soltura?, faise necesario que as asociacións vexan na xuventude, non solo a modernidade da entidade, se non, a continuidade da mesma, e polo de atracción para outros rapaces e rapazas que dinamicen e consoliden a entidade.

Anteriormente falabamos da necesidade de incorporar o ensino o feito emigratorio galego, vemos coma ese erro se reflecta na nova emigración galega, xovenes que debido a actual dificultade laboral do país, vense abocados a emigrar, iso si, a emigración mais preparada da historia, pero o fin e o cabo, emigrantes, xovenes que dominan idiomas, con carreiras universitarias e con medios tecnolóxicos que os fan estar en contacto permanente coa Terra e familias, pero cun bagaxe que esa preparación non lles ensinou, a solidariedade i o compromiso social, chegan os países e cidades de acollida, con esa que podemos denominar “soberbia” que lles da a súa preparación, da que de contado danse deconta que elo non o era todo, achéganse as entidades coa única escusa, de por uns intres, intentar sentirse “galegos”, non se ven na necesidade de incorporarse, de participar, aportar e compartir ese bagaxe persoal, falta en fin, solidariedade, aquela que tiveron os que antes chegaron, creemos que segue a ser necesario un maior coñecemento da realidade actual das entidades, coma da labor que veñen desenvolvendo.

Se coma indicamos anteriormente, se o fito emigratorio, fose incorporado o ensino obrigatorio galego, seguramente moitos, achegaríanse doutro xeito, participando na vida social das entidades. como di o refrán, “esos fangos traerán estos lodos” Son moitos os puntos que este relatorio acontece, case todos tratados con anterioridade, chama a atención, a “insistencia” na creación institucional da “Medalla da Galeguidade”, a caso non esta xa recoñecida a galeguidade? Quen sería quen de valorala?, no nos parece necesario a creación dun recoñecemento numismático nin doutro xeito, xa que daría pé a recoñecementos persoais, ou doutro xeito, no que en moitos casos, nada aportan, salvo os valores ou bagaxe persoal, os cales xa están recollidos en outros recoñecementos institucionais galegos a colectividade da Galeguidade,

Xosé Filgueira Fernández
Presidente



CENTROS GALEGOS DA COMUNIDADE VALENCIANA

Os centros galegos asentados na Comunidade Valenciana, Alacant, Castelló e Valencia, levamos tempo realizado actividades conxuntas, aproveitando esforzos, este ano as tres entidades participamos nas respectivas ofrendas florais co gallo das festas de cada cidade, amosaando a unión dos centros galegos en proxectos conxuntos que reforzan os lazos de unión e amizade das directivas e socios das entidades. No peto, a futura creación dunha agrupación musical tradicional conxunta, un dos fitos a realizar, xa estan botadas as sementes, e decontado sera unha realidade.



OBRADOIRO DE COCIÑA TRADICIONAL GALEGA

Grazas a Secretaria Xeral de Emigración e a Escola de Hostalaría "Costa den Azahar" de Castellón, do 9 ao 15 de Novembro, viñemos de realizar o IX Obradoiro de Cociña Tradicional Galega, o chef Santiago López do Rte. San Martiño de Teo (A Coruña), foi quen nos megullou na cociña tradicional, coma sempre un exito de alumnos, onde pasamos momentos moi agradables, desexosos de repetir en canto teñamos unha nova oportunidade, Grazas Santiago por tanta pacencia, desexandoche o mellor.



CALÇOTADA



Coma non, tamén tocou disfrutar das festas, fixemos a nosa III Calçotada, onde xa estamos feitos uns expertos asadores, e o que este ano incorporamos o I concurso de beber en porron, do que o gañador, foi unha femina, para que non se diga, estivemos acompañados por concelleiros de Castellón, abraiados pola nosa profesionalidade no asado e loxística dos calçots asi como da elaboración da salsa romescu, tamén fixemos o noso día de San Xoan, onde non faltaron sardiñas, cachelos e churrasco, rúadas das que a cordialidade e gañas de divertirse non nos faltan.





por_{us} ap_{os}oli

O PORTUS APOSTOLI
NA RUTA XACOBEA

Saiban, pois, a idade presente e a futura, que o
tal camiño chamarase en adiante por todos.

Portus A postoli

NOA

8 5 0 A N I V E R S A R I O